



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Jose Andrés García Cardeso, Alcalde do concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

**Asunto: APROBACIÓN DA LISTA DE ASPIRANTES ADMITIDOS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR A PRAZA DE PERSOAL ENCARGADO DE OBRAS DO CONCELLO DA BAÑA- A CORUÑA.**

**Expte. TEDEC: 2022/E001/000001 (Persoal).**

**Expte. TEDEC: 2022/G003/000314 (Decreto).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto o expediente que se tramita para a selección dunha praza de encargado do obras do Concello da Baña (A Coruña), en función das necesidades do servizo, mediante relación estatutaria (funcionario interino) cunha xornada do 100% segundo as Bases reguladas que foron aprobadas en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de marzo de 2022 e publicadas no BOP núm. 55 do 22 de marzo de 2022.

Vista a lista de admitidos e excluídos e as causas de exclusión aprobada mediante resolución de Alcaldía con número de Decreto 187/2022, de 4 de maio de 2022 e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, así como no portal de transparencia do concello da Baña, en data 4 de maio de 2022, segundo a base 4.1 das Bases para cubrir a praza praza de encargado do obras do Concello da Baña que se transcribe, extractada, a continuación.

#### *Lista provisional dos aspirantes admitidos:*

<b>DNI</b>	<b>INICIAIS</b>	<b>DATA E N.º REXISTRO ENTRADA</b>	<b>ADMISIÓN PROVISIONAL</b>
DNI: ****304**	PND	202200000000370 29/3/2022	SI
DNI: ****799**	JJAB	202200000000384 31/03/2022	SI

#### *Lista provisional de excluídos e as causas da exclusión no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:*

<b>DNI</b>	<b>SIGLAS</b>	<b>DATA E N.º REXISTRO ENTRADA</b>	<b>ADMITIDO</b>	<b>CAUSA DE EXCLUSIÓN</b>
DNI: ****241**	PBB	202200000000373 29/03/2022	NON	Non posuír o título Celga 3 ou equivalente.
DNI: ****648**	GFG	202200000000402 05/04/2022	NON	Non posuír o título académico esixido. Non posuír o título Celga 3 ou equivalente.

Visto que segundo a base 4.2 das referidas bases, os aspirantes dispuxeron dun prazo de 5 días de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común para formular as reclamacións pertinentes á lista provisinal.

Visto que de conformidade co disposto na base 4.4 das referidas bases, presentouse unha reclamación por parte dun aspirante, en data 06/05/2022 e con número de rexistro de entrada 202200000000546, referente á causa de exclusión de non estar en posesión do título Celga 3.

Visto que durante a instrucción do presente expediente, enténdese que don Pablo Blanco Barreiro, con DNI \*\*\*\*241\*\* a través da presentación da documentación anexa á solicitude con número de rexistro de entrada 202200000000546, solventou a causa de exclusión que se sinalaba na resolución de Alcaldía con número de Decreto 187/2022, de 4 de maio de 2022.

Visto que, polo tanto, a lista definitiva de admitidos sería a seguinte:

LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS	
1	PABLO NEGREIRA DACUNHA
2	JOSÉ JAVIER AROSA BARBEIRA
3	PABLO BLANCO BARREIRO

Visto que segundo a base 6 das bases reguladoras da convocatoria de selección de personal de referencia a composición do tribunal será:

- Un Presidente: Un/unha funcionario/a de carreira da corporación designado/a polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.
- Un Secretario: Un/unha funcionario/a de carreira da corporación designado/a polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.
- Tres Vogais: Funcionarios/as de carreira ou laborais pertencentes a unha administración local designados/as polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.

Visto que é vontade desta Alcaldía que dito tribunal teña a seguinte composición:

Presidenta: Vera Lúcia Antelo Suárez  
Presidenta suplente: Manuela Sofía Abelenda Antelo  
Secretaria: Rocío Caamaño Gerpe  
Secretario suplente: José Ramón Rodríguez Longueira  
Primeiro vogal: Ricardo Torreira Pensado  
Primeiro vogal suplente: José María Vilacoba García  
Segunda vogal: Paula María Pastoriza García  
Segundo vogal suplente: Fernando Martínez Méndez  
Terceira vogal: María Dolores Landeira Liñares  
Terceira vogal suplente: Susana Pazo Meijide

Visto que a data e hora das probas de oposición serán o día mércores 29 de xuño de 2022 ás 9:00 horas no Salón de Plenos do Concello da Baña, a proba práctica na nave municipal e a proba de coñecemento do idioma galego será o mesmo día, 29 de xuño, ás 12,30 horas no Salón de Plenos do Concello.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro:** Avoca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 16/2022 de 17/01/2022, na Xunta de Goberno Local.

**Segundo:** Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos no proceso selectivo antes referido, que se recolle a continuación:

LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS	
1	PABLO NEGREIRA DACUNHA
2	JOSÉ JAVIER AROSA BARBEIRA
3	PABLO BLANCO BARREIRO

**Terceiro:** Aprobar a lista definitiva de excluídos e as causas da exclusión no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:

DNI	SIGLAS	DATA E N.º REXISTRO ENTRADA	ADMITIDO	CAUSA DE EXCLUSIÓN
DNI: ****648**	GFG	202200000000402 05/04/2022	NON	Non posuír o título académico esixido. Non posuír o título Celga 3 ou equivalente.

**Cuarto:** Aprobar a publicación da lista definitiva de persoas admitidas, así como a lista definitiva de persoas excluídas, no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): [https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal\\_transparencia/](https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/)

Os candidatos deberán presentarse, na data e hora establecida, mércores 29 de xuño de 2022 ás 9:00 horas no Salón de Plenos do Concello da Baña, a proba práctica na nave municipal e a proba de coñecemento do idioma galego será o mesmo día 29 de xuño, ás 12,30 horas no Salón de Plenos do Concello.

**Quinto:** Aprobar a composición do tribunal, que será a seguinte:

Presidenta: Vera Lúcia Antelo Suárez  
Presidenta suplente: Manuela Sofía Abelenda Antelo  
Secretaria: Rocío Caamaño Gerpe  
Secretario suplente: José Ramón Rodríguez Longueira  
Primeiro vogal: Ricardo Torreira Pensado  
Primeiro vogal suplente: José María Vilacoba García  
Segunda vogal: Paula María Pastoriza García  
Segundo vogal suplente: Fernando Martínez Méndez  
Terceira vogal: María Dolores Landeira Liñares  
Terceira vogal suplente: Susana Pazo Meijide

**Sexto:** Aprobar a data e hora de realización das probas selectivas, que serán mércores 29 de xuño de 2022 ás 9:00 horas no Salón de Plenos do Concello da Baña, a proba práctica na nave municipal e a proba de coñecemento do idioma galego será o mesmo día 29 de xuño, ás 12,30 horas no Salón de Plenos do Concello.

**Sétimo:** Dar traslado do presente acordo á Intervención para o seu coñecemento aos efectos oportunos e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Mándaos e asínao o señor alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario- interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**